

Educación Primaria

3º Curso

Programación didáctica 2021-2022



LAURA FREIRE CHANA E MARIA DOLORES FIGUEROA PIÑEIRO

ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN

1. <u>Limiar</u>	4
2. <u>Introdución e contextualización da contorna socioeducativa e dos grupos educativos</u>	5
3.1. <u>Obxectivos xerais de Educación Primaria e relación coas competencias clave.</u>	9
3.2. <u>Metodoloxía en competencias clave. Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais</u>	10
3.3. <u>Actividades de ensino- aprendizaxe</u> 1. Criterios xerais. 2. Extraescolares e de recuperación	13
3.4. <u>Directrices e instrumentos para a avaliación inicial.</u>	15
3.5. <u>Plan de Reforzo Individual</u>	21
3.6. <u>Procedementos ,instrumentos e criterios xerais de avaliación e promoción</u> 1. Criterios sobre a avaliación do alumnado 2. Promoción 3. Criterios de cualificación	26
3.7. <u>Avaliación da programación didáctica.</u> 1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora 2. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	30
3.8. <u>Mínimos esixibles para o logro das competencias clave</u>	34
3.9. <u>Concreción de elementos transversais do currículo</u>	41
3.10. <u>Medidas de atención á diversidade e inclusión educativa.</u> 1. Medidas de atención a diversidade. 2. Criterios xerais de intervención.	42

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

3. Alumnado de audición e linguaxe e psicopedagogía terapéutica.	
3.11. <u>Materiales e recursos didácticos.</u>	45
3.12. <u>Estratexias e accións de contribución aos plans de centro: convivencia, proxecto lector, plan TIC, proxecto lingüístico, igualdade</u>	46
3.13. <u>Temporalización</u>	47
a. <u>Perfil competencial xeral con tódolos estándares a traballar de todas as áreas de 3º de educación primaria</u>	50
b. <u>Perfís competenciais das área das distintas áreas curriculares de 3º curso de educación primaria: relación de criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, bloque de contidos, competencias e instrumentos de avaliación</u>	55

1. LIMIAR

ADVERTENCIA PREVIA

A necesaria referencia ao contexto Covid que agardamos dea paso durante este curso ao contexto escolar de normalidade fai que o presente documento se complete con diferentes plans de centro, especialmente co PLAN DE ENSINO VIRTUAL que de ser o caso se implementaría nas aulas. É por eso que esta programación se presenta de modo provisional e será revisada e adaptada se as circunstancias o requiren ao principio do segundo trimestre deste curso escolar.

EQUIPO DOCENTE DO NIVEL

No noso centro estamos a traballar dende hai uns anos no marco dunha educación que teña como referente pedagóxico principal as competencias básicas (competencias clave en vocabulario LOMCE), conforme coas directrices das actuais leis educativas LOE e LOMCE e as liñas e orientacións educativas propostas a nivel europeo. A proposta pedagóxica que presentamos segue as directrices e esquema do actual decreto curricular, **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia Todas as programacións de área dos distintos cursos de Educación Infantil e Primaria configuran o denominado **Proxecto de Concreción Curricular**, que non é outra cousa que a proposta educativa que xurde dende e para o noso centro, integrando os referentes normativos da Consellería de Educación, as indicacións da Inspección Educativa, as tendencias sociais e de innovación educativa, as propostas e acordos dos órganos colexiados e unipersoais do centro e as liñas educativas do proxecto do equipo directivo. Esta é a labor que presentamos a través deste documento

Para a estrutura formal da mesma seguiremos as indicacións e guións da Inspección Educativa (guión base), as propostas dos nosos equipos docentes e a Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e unha selección das aportacións de experiencias educativas interesantes e das editoriais, cando conveña. A nosa proposta pedagóxica trata de debuxar un mapa de relacións curriculares entre obxectivos, competencias clave, criterios de avaliación, bloque de contidos e estándares de aprendizaxe, coherente cunha educación de calidade, inclusiva e de carácter cooperativo. O mapa curricular outorga coherencia entre niveis e internivel á nosa proposta curricular. Esta proposta non perde a lectura global de centro aínda que se concrete en niveis educativos.

A través dos distintos apartados desta programación apostaremos por ofertar unha programación coordinada e coherente cunhas motivadoras e significativas prácticas docentes diarias que desenvolvan aprendizaxes constructivistas e sociais no nosa comunidade educativa.

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA CONTORNA SOCIOEDUCATIVA E DOS GRUPOS EDUCATIVOS

O CEIP Escultor Acuña está ubicado no barrio de Coia na cidade de Vigo. A construción do edificio, na rúa Estrada, é do ano 1985. Ten en funcionamento 6 unidades de Educación Infantil e 12 unidades de Educación Primaria (liña 2), sendo un referente na educación do alumnado hipoacúsico, estando habilitada unha unidade de educación especial, con 7 especialistas de AL e un especialista de PT no seu catálogo profesional. O colexio ofrece orientación psicopedagóxica, a tódolos alumnos que o requiren, transporte escolar con 3 liñas de autobús e comedor escolar. Ademais dunha serie de actividades extraescolares xestionada pola ANPA.

O ambiente socio-cultural e económico é valorado como medio-baixo. Dende a crise económica evidéncianse dificultades económicas nas familias e certa desestructuración familiar. Obsérvanse numerosos casos de custodias compartidas non conciliadas, que en ocasións, afectan á educación dos seus fillos. As familias participan regularmente no Centro, no ámbito de ANPA. De procedencias dispares, con intereses e expectativas diferentes ante a educación dos seus fillos e fillas, a relación familia/escola recae maioritariamente nas nais, aínda que se vai incrementando a participación dos pais na vida do centro. Nunha minoría de pais hai unha escasa axuda no seguimento no proceso educativo dos seus fillos.

A situación do centro en canto ao profesorado é de certa estabilidade, experiencia docente e coñecemento do centro, o que permite unha continuidade nos plantexamentos de plans de mellora nos que estamos inmersos. Por outro lado, aínda que temos profesorado que cambia de centro, tamén é certo que permanecen o tempo suficiente para adaptarse á dinámica e á liña pedagóxica do centro. É un obxectivo estratéxico do equipo directivo xerar un clima de cordialidade, benestar nas relacións dos profesionais do centro e da comunidade educativa que redunde nun entorno familiar, amable e conciliador. Dentro do traballo en equipo do profesorado, a colaboración considérase coma un elemento de innovación e calidade educativa. Actualmente hai un consenso acerca da necesidade de promover a cultura da colaboración dende tódolos sectores da comunidade educativa, xa que ofrece

numerosos beneficios e se reflicte en tódolos aspectos da vida dos centros. Por exemplo, existe unha estreita relación entre o traballo colaborativo e o benestar dos docentes, afectándose de maneira recíproca. A cultura colaborativa supón valores opostos ao individualismo e á competición.

Esta programación didáctica, que se desglosa posteriormente, no cuarto nivel de concreción curricular, nas correspondentes unidades didácticas das programacións de aula, está contextualizada para os grupos de 3º curso A e B no presente curso académico 2021-2022. Son dous grupos con una ratio de 23 alumnos e alumnas cada un. No grupo A hai un alumno con discapacidade na linguaxe e diversos alumnos con apoios educativos (PT-RE). No grupo B hai dous alumnos con ACS e outros que asisten a apoio educativo (RE) con profesorado de AL. As clases de 3º de primaria conta cun total de 46 alumnos sen repetidores do curso anterior.

Esta programación é unha proposta concreta de ensinanza-aprendizaxe concebida para desenvolver o longo do 3º curso de Educación Primaria.

Para a súa elaboración tivemos en conta a normativa vixente en materia de currículo. Así mesmo tivemos en conta os distintos plans e proxectos que levaremos a cabo ao longo deste curso no noso centro educativo.

O período de idade comprendido entre os 8 e os 9 anos, que se corresponde co cuarto curso de Educación Primaria, está caracterizado por unhas características evolutivas que afectan ao seu desenvolvemento cognitivo e afectivo-social.

- **Desenvolvemento motor.** O neno prosigue o crecemento gradual e regular e o desenvolvemento das habilidades motoras segue perfeccionándose.
- **Desenvolvemento socio-afectivo.** Neste momento os compañeiros son protagonistas na vida do neno. Comenzan a traballar ben en grupo e nas actividades de cooperación. A competitividade forma un papel importante. Emocionalmente son extremadamente sensibles á crítica e fanse máis exixentes consigo mesmos. A xustiza prevalece sobre a mentira ou as trampas.
- **Desenvolvemento cognitivo.** Nesta etapa, a reversibilidade faise extensible ao peso, evoluciona hacia explicacións racionais, aumenta a curiosidade e dade sentido á experiencia.

O curso de 3º de Educación Primaria está formado por 46 alumnos,

A maioría do alumnado estivo o ano pasado no centro así pois, as familias coñecen o centro e as principais características de funcionamento e organización do mesmo.

En canto ás aulas de 3º curso son luminosas e contan cun espazo adicado á biblioteca de aula, xogos e ás tecnoloxías da información e a comunicación (taboleiro dixital e ordenador).

Educación Primaria

3º Curso

3. Programación didáctica 2021-2022

Parte Xenérica



3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

Conforme ao **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia o traballo nas distintas áreas educativas co alumnado de Educación Primaria (3º) do noso centro contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con minusvalía.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e galega, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Cada un destes 14 obxectivos, está asociado, máis especificamente, a unha o varias competencias clave, aínda que dende todas elas debemos para traballar cara o desenvolvemento de todos eles. Así mesmo, a través do deseño das Unidades Didácticas correspondentes promoveranse todos estes obxectivos. O mapa de relacións curriculares, que figura con posterioridade, será a clave para a súa consecución.

3.2. METODOLOXÍA EN COMPETENCIAS CLAVE: CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno adquire un maior grao de protagonismo. No noso centro existe un compromiso en vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade e darlles un sentido social onde docente e alumnado teñan protagonismo activo.

Nalgúns aspectos das áreas, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos colectivos, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto. Sempre que as medidas sanitarias derivadas do COVID-19 nolo permitan, continuaremos coa metodoloxía de traballo en grupo.

Por outra banda, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan dende a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe. Neste lugar terá moita presenza a creatividade persoal e a diverxencia cognitiva na busca de solucións. Nas áreas de Matemáticas, Ciencias e Linguas é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos (**uso social do coñecemento**). Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

A **manipulación de materiais** debe ser unha constante nas actividades científicas e matemáticas, así como, o acceso ás novas tecnoloxías. Permitindo que o alumno estableza vínculos reais entre os coñecementos matemáticos e o seu día a día. Neste momento, debido a pandemia COVID-19, cobra especial importancia o uso das novas tecnoloxías que nos axudarán a traballar co noso alumnado no caso dun posible confinamento total ou parcial. Por outra banda, a manipulación de materias estará suxeita as medidas hixienicas recollidas no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de Ensinanza non Universitaria de Galicia para o curso 2021-2022.

O docente actuará como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, enfocará a realización de tarefas ou situacións-problema planteadas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, sempre que as medidas sanitarias o permitan.

Sobre a inclusión das competencias como elemento esencial do currículo é precioso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes, para favorecer o desenvolvemento competencial do alumnado, debe axustarse ao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario a ensinanza de tal modo que se parta das aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outras máis complexas.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Os traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baseadas na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade dunha aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, polo tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na que se integran varias áreas ou materias. Este ano levaremos a cabo un Proxecto Documental Integrado (PDI) en todo o colexio, “Os avos” no que traballaremos estándares de case tódalas materias, adicándolle as festividades un peso especial ao longo de todo o curso escolar.

Finalmente, é necesario, unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas, didácticas que se empreguen. Dende os equipos educativos plantexarase unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados.

Debido o momento excepcional que estamos a vivir pola COVID-19, poderanse dar tres tipos de escenarios dentro danosa aula:

1. Que o curso sexa 100% presencial na aula, polo que so se terán en conta as medidas sanitarias que se desprenden do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de Ensinanza non Universitaria de Galicia para o curso 2021-2022.

A metodoloxía didáctica seguirá sendo comunicativa, inclusiva, activa e participativa, como se explicou nas liñas precedentes.

O alumnado aprende dos seus pares mediante un proceso argumentativo e adquire competencias para o traballo en equipo, imprescindibles para o seu futuro.

2. Que o curso sexa semi-presencial, é dicir que en momentos determinados haxa que traballar cunha parte ou todo o alumnado dende a casa. Utilizaremos a mesma metodoloxía que nas clases presenciais pero facendo especial fincapé na aprendizaxe autónoma do alumnado, no desenvolvemento do pensamento crítico e a súa capacidade para a resolución de problemas.
3. Que o curso teña periodos de traballo telemático, e dicir, que a clase ou o colexio teñan que confinarse nas súas casas. A base metodoloxía seguirá sendo comunicativa, inclusiva, activa e participativa, baseada nunha aprendizaxe autónoma, no pensamento crítico e na capacidade de resolución de problemas. Tomará especial relevancia o uso responsable das tecnoloxías de telecomunicación así como a correcta alfabetización tecnolóxica do noso alumnado.

3.3. ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

1. CRITERIOS XERAIS

No CEIP Escultor Acuña estamos a traballar no cambio dun modelo tradicionalista baseado, maioritariamente, en actividades tipo exercicio a un modelo de transición que nos leve a actividades onde o modelo competencial da educación intégrase nas nosas prácticas diarias:

- Enfoque constructivista en Educación Infantil
- Titorización entre iguais
- Actividades e tarefas con enfoque práctico e social
- Proxectos e minoproxectos de área
- Proxectos globalizados interáreas
- Portfolios persoais e de aula
- Tarefas de cooperación interaulas e con outros centros
- Autoavaliacións, reflexións colectivas sobre a aprendizaxe, coavaliacións

As TiCs formarán parte do uso habitual como instrumento facilitador para o desenvolvemento do currículo. Debido a situación excepcional da COVID-19 toma especial importancia o seu uso. O alumnado de 3º traballará activamente na

adquisición dunha alfabetización competente no manexo das TIC, facendo especial fincapé no uso da aula virtual do colexio, que será o punto de referencia do ensino no caso de ter un curso semi-presencial ou totalmente telemático.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/aulavirtual/>

Todo o alumnado disporá dunha clave propia de acceso que lle permitirá comunicarse co mestre e os seus compañeiros a través do foro, descargar as explicacións que suba o mestre dos novos contidos, así como a descarga de exercicios e a corrección destes.

Neste intre, e a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica estanse a definir os principios e procedementos para levar a cabo este enfoque do traballo do alumnado e do profesorado. Nas distintas unidades didácticas (programación de aula) quedarán concretadas estas propostas de actividades de ensino e aprendizaxe.

2. EXTRAESCOLARES E DE RECUPERACIÓN

Para desenvolver as actividades extraescolares seguiranse os criterios establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Estes inciden en facilitar a coordinación familia-escola, a conciliación familiar, e a responsabilidade educativa do alumnado e da familia. As actividades serán distribuídas ao longo da semana, tentando buscar actividades e tarefas motivantes e creativas ao mesmo tempo que xeren hábitos de traballo e estudo persoal. Dende as titorías farase un seguimento da evolución das actividades co obxecto de personalizalas segundo as necesidades do alumnado e dende o Departamento de Orientación realizaremos avaliacións do éxito nas aprendizaxes e na conciliación familiar. Na área matemática é fundamental desenvolver a creatividade lóxica, a confianza nas propias capacidades e as rutinas procedimentais referidas a cálculo, prantexamento e resolución de problemas, estudo matemático da realidade, etcétera. Na área das linguas recoméndanse tarefas de expresión escrita creativa e formal e unha aposta pola comprensión lectora e nas áreas sociais a elaboración e práctica de hábitos e técnicas de estudo (análise da información, selección e composición) variadas. A través das unidades didácticas (nivel III de concreción curricular) iranse explicitando estes criterios.

As actividades de recuperación están recollidas no Plan Individualizado de Traballo, que se recolle nesta programación e que fará fincapé na consecución dos estándares mínimos esixibles de aprendizaxe que non alcanzara o alumnado no curso anterior.

3.4. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Ao longo da segunda quincena do mes de Setembro realizarase a avaliación do alumnado e do grupo co obxecto de recoller información precisa a nivel cognitivo, social, emocional e familiar do alumnado en particular e do grupo-clase en xeral.

Esta avaliación diagnóstica utilizará os seguintes instrumentos avaliativos:

INSTRUMENTO AVALIATIVO	OBXECTIVO
Informes escolares individualizados	Recoller información académica e de rendemento educativo
Entrevistas familiares	Recoller información do contexto sociofamiliar e nivel de cooperación escolar
Entrevistas do alumnado	Recoller información persoal do alumnado: axenda semanal, preferencias escolares, obxectivos persoais, dificultades, compromisos.
Probas orais de cálculo mental, resolución de problemas, competencia comunicativa	Valoración da capacidade lóxica e situación inicial ante as novas esixencias da área.
Probas escritas sobre os contidos da área segundo modelos de avaliación competencial	Valoración do nivel e logro na área matemática e aplicación de saberes nos usos sociais.

Os coñecementos que se avalian están reflectidos nas seguintes taboas. En función destes resultados e con todos os instrumentos anteriores poderemos realizar unha programación didáctica axeitada as necesidades e requirimentos do alumnado en relación ao currículo escolar.

MATEMÁTICAS

	APELLIDOS E NOME	Escribe e lee números menores de 1.000	Anterior - Posterior	Diferenza: mayor que e menor que	Recoñece D, C e U	Suma (operación)	Suma (problema)	Resta (operación)	Resta (operación)	Horas	Nº ordinales	Multiplicación como suma

NATURAIS

	APELIDOS E NOME	Diferencia entre ser vivo e materia inerte	Clasificación plantas	Partes planta	Vertebrado - invertebrado	Proteínas – vitaminas - minerales	Hábitos saudables	Tipos de enerxía	Máquinas - profesión	Máquinas - enerxía

SOCIAIS

	APELIDOS E NOME	Características Terra e Sol	Paisaxe de costa e interior	Paisaxe rural e urbana	Tempo pasado, presente e futuro	Continentes	Orden cronoloxía da historia.

LENGUA

	APELIDOS E NOME	Uso do Ñ, CH e Y	Concordancia número e xénero	Verbos en presente-pasado-futuro	Ordenar frases	Letra	Velocidade lectora

GALEGO

	APELIDOS E NOME	Orden alfabética	Profesións	adxectivos	Informacións de debuxos	Conxugación verbos	Suxeito	Familia léxica	Artigos determinados e indeterminados	Sinonimos

3.5. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

O plan de reforzo realizámolo a partir dos informes individualizados elaborados á finalización do pasado curso e da avaliación inicial, reforzando os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, previamente determinados polo equipo docente, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

ÁREA DE MATEMÁTICAS	
SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA	TERCEIRO CURSO DE PRIMARIA
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
	MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.
BLOQUE 2. NÚMEROS	
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. (hasta el 1.000)	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. (mínimo suma y resta con llevadas)	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
BLOQUE 3. MEDIDA	
B3.1. Coñecer e utilizar o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	MTB3.1.1. Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.
B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	
B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	MTB3.3.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude.
B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
BLOQUE 4. XEOMETRÍA	
B4.1. Identificar e completar figuras simétricas	MTB4.3.1. Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

B4.3.Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	MTB4.3.1. Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).
--	---

ÁREA DAS LINGUA CASTELÁ E GALEGA		
SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA	TERCEIRO CURSO DE PRIMARIA	
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR		
B1.3.Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.
B1.5.Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER		
B2.2.Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
B2.3.Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.
	LCB2.1.2. Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.	LGB2.6.3. Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade.
B2.4.Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos	LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e	LGB2.7.1. Utiliza as biblioteca de aula e de centro respectando as normas básicas do seu o funcionamento.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

	necesarios para as súas tarefas de aula.	LGB2.7.2. Valora as bibliotecas de aula e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
--	--	--

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.
		LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas	LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas.	LGB4.2.1. Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cingirse a elas
		LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.	LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.
---	--	---

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA

TERCEIRO CURSO DE PRIMARIA

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
---	---

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

B2.1.Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	
B2.3.Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	
B2.5.Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	CSB2.15.1.Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.
B2.7.Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles.	
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE	
B3.2.Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía.	
B3.8.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.5.1.Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.	
B4.1.Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	CSB4.1.2.Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.
B4.2.Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo.	CSB4.1.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS	
SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA	TERCEIRO CURSO DE PRIMARIA
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA	
B1.2.Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE	
B2.1.Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	

B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.
	CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para a súa prevención.
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS	
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico.
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXIA	
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS	
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, a estenderse, alomenos durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022.

As propostas serán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo...

A metodoloxía empregada seguirá sendo activa e axustada ás necesidades do noso alumnado.

Todas estas medidas recolleranse no PIT.

3.6. PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Baixo a regulación da *ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, deseñamos a nosa proposta avaliativa.*

1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN DO ALUMNADO

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro.

2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación de terceiro curso e a avaliación final de etapa (6º curso), se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

6. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

7. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

8. Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

9. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros docentes públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, determine.

2. PROMOCIÓN

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

❖ Criterios de promoción individualizada en primaria:

Tendo en conta que a finalidade fundamental da educación escolar é que o alumno desenvolva as competencias básicas, cada alumno necesitará pois dun estudo individualizado e cualitativo de acordo cos factores académicos, sociais e familiares, de carácter, de capacidade, de interese, de motivación, etc. En consecuencia, nos casos difíciles e conflictivos, poderanse arbitrar adaptacións curriculares que permitan resolver estas dificultades tanto se se decide a promoción do alumno coma se non. Segundo estas premisas o titor, ao final de cada curso e axudado polo resto do equipo docente, propondrá na avaliación de cada alumno as seguintes posibilidades:

1. Que o alumno acade a cualificación positiva en todas as áreas. Neste caso promociona de curso ou etapa.
2. Que o alumno xa teña repetido unha vez na etapa polo que non pode repetir máis. Neste caso promocionará de curso ou etapa por imperativo legal.
3. Que o alumno non acade a avaliación positiva en todas as áreas. Neste caso considerárase a conveniencia de que o alumno promocione ou non ao curso ou etapa seguinte, a partires da análise dos seguintes aspectos:
 - a. Valoración do progreso en cada unha das áreas. O carácter global da avaliación na Educación Primaria, permite que o profesorado poida adoptar medidas de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas. Pode darse o caso de que determinados alumnos promocionen con avaliación negativa nunha ou varias áreas. Con todo, convén matizar nestes casos as carencias específicas.
 - b. A conveniencia de permanecer nun curso determinado para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente polo que se refire aos primeiros cursos, no que o alumno vai a aprender as técnicas instrumentais que lle serán imprescindibles para progresar nos seguintes.
 - c. As repercusións, positivas ou negativas, que o cambio de grupo pode ter sobre o alumno, segundo o seu grao de integración, carácter e personalidade...
 - d. A conduta do alumno e a influencia que puidera ter a mesma no seu grupo se promociona, ou no grupo novo se non o fai.
 - e. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.
 - f. A opinión de pais ou titores legais, que serán informados e escoitados previamente das medidas que se tomen.
 - g. A consulta ó Departamento de Orientación do Centro nos casos que proceda.
 - h. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna.

A decisión de repertición de curso será consensuada co equipo docente e co departamento de orientación e estará supedita a unha avaliación criterial de estándares mínimos a superar que estará refletida na PXA en cada curso académico.

3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Coa idea de obxectivizar a avaliación do alumnado e avaliar toda a súa esfera persoal e de aprendizaxe curricular, os equipos docentes cremos convinte enriquecer as ferramentas avaliativas e concretar o seu porcentaxe calificativo. En cada unidade didáctica figurarán, de xeito expreso, estes criterios e a súa porcentaxe de cualificación.

As porcentaxes de avaliación consensuados para valorar a evolución escolar do alumando son:

- 70% Logro académico global, desglosadas da seguinte forma:
- 30% Tarefas, actitude, compromiso escolar, responsabilidade...

Todo quedará recollido no boletín informativo para as familias como notas numéricas e nos informes internos. Este boletín, sen validez académica, remitirase trimestralmente á familia, e o seu obxectivo é que os pais/ titores coñezan a evolución dos seus fillos.

- Nas tarefas escritas puntuarase positivamente;
 - orde e a limpeza da presentación, traballos completos e entregados a tempo
 - faltas de ortografía
 - contidos
- Nas tarefas orais:
 - preparación da tarefa, interese por buscar información
 - fluidez verbal, vocabulario, motivación

A nota final ordinaria de curso será:

- No caso de que as tres avaliacións figuren como aprobadas a media de cualificación será ponderada, primando á terceira avaliación.
- No caso de que as tres avaliacións estean suspensas a ordinaria figurará como suspensa.
- No caso de que a so sexa a terceira avaliación a suspensa farase unha avaliación individual de criterios mínimos esixibles da área, consignando a nota como “Aprobado” se o 70% dos criterios están conseguidos.
- No caso de que a terceira avaliación estea aprobada pero as anteriores (algunha ou ambas) suspensas a cualificación final será “Aprobado” sempre que a evolución continua do alumno/a mostre que acadada a maioría dos criterios mínimos esixibles da área.

❖ Evidencias para o Portfolio

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos, entre outras ferramentas, os portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e recollida de produtos que amose o nivel de consecución do estándar e a evolución deste ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias de evolución do alumno, pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar o alumno que seleccione cales quere amosar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado (autoavaliación ou metaavaliación), as dificultades atopadas e obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

As evidencias que podemos recoller nas áreas curriculares poden ser:

- Actividades do libro ou da guía que traballen explicitamente sobre os estándares definidos na unidade. (caderno de aula)
- Murais colectivos, mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos.
- Produtos de aprendizaxe deseñados en tarefas de aplicación nun contexto real: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas...
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Traballos colectivos e de investigación social
- Rexistros de exposicións, conferencias,...
- Problemas de aplicación de contidos nos que cómpre o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

3.7. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programación didáctica. Para iso ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Ase mesmo, en cada sesión trimestral avaliativa se realizará unha avaliación conxunta do profesorado.

De igual xeito, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto que poderase realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte rexistro.

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			

Uso social das aprendizaxes			
Porcentaxe de alumnado que consegue o desenvolvemento básico das competencias clave da unidade			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Colaboración das familias			

❖ **Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

1.-Deseñáronse unidades didácticas ou tarefas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/tarefas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/tarefas/proxectos?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Concretáronse os elementos transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para toda a etapa educativa?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				

15.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
16.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?				
17.- Establecéronse criterios para os plans específicos de reforzo ou recuperación e apoio?				
18.- Elaboráronse os instrumentos de avaliación tendo en conta o valor de cada estándar?				
19.- Leváronse a cabo medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?				
20.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
21.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
22.- Contribuíuse desde a materia ao Proxecto lector do centro?				
23.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

❖ **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**

INDICADORES DE LOGRO	Escala			
1. O nivel de dificultade do traballo na aula foi adecuado ao alumnado?				
2. Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a participación activa do alumnado?				
4. Contouse co apoio e a implicación das familias?				
5. As necesidades do alumnado foron atendidas?				
6. Usáronse diferentes instrumentos de avaliación?				
7. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
8. Valorouse o traballo en equipo do alumnado?				
9. Elabóranse propostas de traballo de diferentes niveis competenciais para atender á diversidade?				
10. Deuse resposta educativa ao alumnado con NEAE?				
11. Hai unha proporción equilibrada de traballo grupal e individual?				
12. Poténciase a lectura e a comprensión e expresión oral?				
13. Incorpóranse as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe?				
14. Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo?				
15. Realízase a función titorial e orientadora de forma axeitada?				
16. Leváronse a cabo as adaptacións curriculares propostas e aprobadas?				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación?				

3.8. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE E PROMOCIÓN POR ÁREAS

A continuación realizamos unha exposición dos estándares de aprendizaxe mínimos para promocionar e conseguir as competencias clave en 3º de primaria

ÁREA DE LINGUA GALEGA	
Criterios de avaliacións	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR	
B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER	
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
	LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.	LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR	
B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.5. Resume brevemente o contido de textos sinxelos, a partir de preguntas, propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA	
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	LGB4.1.2. Identifica as formas verbais.
	LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
	LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos.
B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.	LGB4.6.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ	
Critérios de avaliacións	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR	
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER	
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.
B2.3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto.
B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR	
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
	LCB3.1.3. Reproduce textos ditados sinxelos.
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA	
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.
	LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita.
	LCB4.2.3. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA	
B5.5. Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á idade	LCB5.5.1. Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou cancións.

ÁREA DE MATEMÁTICA

Criterios de avaliacións

Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
	MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.

BLOQUE 2. NÚMEROS

B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.
	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.5. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.
B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.

BLOQUE 3. MEDIDA

B3.1. Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais	MTB3.1.1. Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.
B3.2. Operar con diferentes medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.
	MTB3.2.2. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
	MTB3.5.2. Calcula múltiplos e submúltiplos do euro.

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

B4.1. Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (lados, vértices, caras, arestas e ángulos).	MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
B4.2. Coñecer e distinguir a circunferencia e o círculo, así como os seus elementos básicos.	MTB4.2.1. Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
B4.4. Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.	MTB4.4.1. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.

BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.
---	--

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

Cráterios de avaliacións

Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
--	---

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento	CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotiá.

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e	CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.
--	--

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

observar o seu uso na vida cotiá.	
B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Criterios de avaliacións

Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
--	--

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

B2.1. Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
--	--

B2.2. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.	CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.
	CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
	CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.

B2.3. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa. Explicar que é un volcán, que acontece no momento da erupción e algunhas medidas de actuación básicas para a prevención de danos.	CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.
--	---

B2.11. Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive.	CSB2.11.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico.
--	--

B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
--	---

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

B3.4. Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.	CSB3.4.1. Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.
---	---

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.

B4.1. Coñecer as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes de Galicia.	CSB4.1.1. Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C
--	---

CSB4.1.2. Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.
--

B4.2. Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e Idade Antiga (culturais, artísticos, e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia e permitan situalos	CSB4.2.2. Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.
---	---

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

temporalmente no transcurso da historia.	
B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos	CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.
B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.	CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA: ED. PLÁSTICA

Criterios de avaliacións	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA	
B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
	EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía.
	EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.

ÁREA DE VALORES CULTURAIS E CÍVICOS

BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

Criterios de avaliacións	Estándares de aprendizaxe
B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva	VSCB1.3.1 Aplica o autocontrol á toma de decisión.
B1.7. Propoñerse desafíos e levarlos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	VSCB1.7.1. Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.

BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións
	VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.
B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que iniben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.3.2. Aмосa interese polos seus interlocutores.
B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais.
	VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo.
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar.

3.9.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a integración das tecnoloxías da aprendizaxe e coñecemento traballaranse en todas as disciplinas da seguinte maneira:

1. Atenderase á diversidade e a todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.
2. Promoverase a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención de violencia de xénero, trato non discriminativo por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. A prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas e de orientación sexual ou da identidade de xénero. Incorporaranse elementos relacionados con desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.: *Charlas organizada dende o equipo de Orientación do Centro en colaboración con outras entidades.*
3. Fomentarase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
4. Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, con fin de que o alumando coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías en calidade de peón ou peoa.: *Participación na campaña de Educación Vial do Concello de Vigo*

3.10 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN EDUCATIVA**1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Ao amparo do establecido no Real Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Deberán diferenciarse os alumnos/as que requiren **medidas ordinarias**, todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo sen **alteración significativa** dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado:

- En primeiro lugar, deberán cubrirse a adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Ademais, teranse en conta a adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- En segundo lugar, teranse en conta a posta en práctica de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- En terceiro lugar, deberá prestárselles unha atención especial a aqueles alumnos que requiran reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Salientando os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas e plan específico de reforzo e apoio para E.Primaria.
- En cuarto lugar, haberá un Programa de habilidades sociais elaborado polo Equipo de Orientación, que servirá para que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social. Coa finalidade de corrixir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro educativo. Dito programa está incorporado ao plan de acción tutorial.
- Ademais, nalgúns casos aplicaranse **medidas extraordinarias** que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Entre estas medidas están:
 - A realización ou renovación de Adaptacións curriculares.
 - En segundo lugar, teranse en conta o apoio do profesorado especialista de Audición e Linguaxe e Psicoloxía Terapéutica.

2. **CRITERIOS XERAIS DE INTERVENCIÓN**

No noso centro a atención á diversidade está organizada e consensuada dende o Departamento de Orientación. Todas as medidas de apoio, reforzo ou de adaptación ao currículo que realizan os especialistas de audición e linguaxe, pedagogía terapéutica e profesores de apoio, están coordinados, tras unha avaliación previa, dende o citado departamento, a titoría e a familia.

As distintas estratexias pedagóxicas iniciais a levar a cabo neste apartado están derivadas, polo tanto, da avaliación diagnóstica e das fortalezas e debilidades descubertas no grupo, a nivel xeral e nas individualidades. O alumnado recibirá tres niveis de medidas de atención educativa:

- Apoios e reforzos na aula e en aulas específicas, de ser o caso. (RE)
- Medidas de reforzo escolar no ámbito da familia (REF)
- Medidas de adaptación curricular (ACI)

As medidas de apoio educativa seguirán este procedemento:

- Detección de necesidades educativas por parte da titoría ou especialistas
- Avaliación a través do Departamento de Orientación
- Apoio e reforzo educativo realizado dos especialistas (AL e PT) e profesorado de apoio
- Avaliación da intervención educativa a través do Departamento de Orientación e da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

Así mesmo, establecemos reunións e comunicacións cos gabinetes de apoio ao alumnado en horario externo co fin de unificar criterios na intervención educativa, de ser o caso .

❖ **Criterios xerais de intervención sobre o grupo**

Con posterioridade, nas distintas unidades didácticas faremos relación ao número de alumnos e alumnas no grupo, das súas rutinas de funcionamento (si falan moito, si saben cambiar de actividade con facilidade, si saben autoorganizarse...), dos seus coñecementos e competencias previas, etcétera.

Realizaremos unha primeira intervención sobre o grupo en relación a estes aspectos:

	UNIDADE Nº ____
Número de alumnos, xestión de aula, asociacións, deseño de espazos	
Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...)	
Fortalezas identificadas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares. Acta final do curso anterior.	
Sociograma de aula: empatías, conflitos, liderazgos...	
Estudio de grupos cooperativos e utilización didáctica dos espazos de aula	

❖ Criterios xerasi de intervención individuais

Segundo o citado nos criterios xerais deste apartado as estratexias de intervención serán as seguintes:

1. Avaliación individual de alumnado con necesidades educativas de aprendizaxe, de problemática sociofamiliar e de altas capacidades. Detección de alumnado con altas capacidades. Será realizada no mes de setembro seguindo un cuestionario do Departamento de Orientación.
2. Elaboración dun plan conxunto entre a familia e a escola e posibles gabinetes externos para elaborar ámbitos de mellora.
3. Deseño de actividades, tarefas trimestrais para a mellora nos ámbitos deficitarios.
4. Rexistro e valoración do cumprimento do plan de intervención. Modificacións necesarias

3. ALUMNADO DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PSICOPEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Segundo os criterios da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o alumnado de Audición e Linguaxe e psicoloxía terapéutica será avaliado de xeito conxunto entre a titoría que imparte a materia e o equipo de AL ou PT. Os criterios e porcentaxes de calificación serán acordados de xeito conxunto e comunicados ás familias e ao alumnado.

3.11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En relación a un modelo competencial, utilizaremos esta proposta, sempre aberta, de materiais e recursos para xestionar o proceso de ensino e aprendizaxe:

❖ **Recursos didácticos:**✓ **Material impreso**

- Libros de texto do alumnado.
- Guía do profesorado.
- Caderno de actividades individual e de equipo.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Láminas e murais.
- Dicionarios nas linguas correspondentes.
- Prensa (recortes de periódicos, revistas, etc).

✓ **Material tecnolóxico e audiovisual**

- Ordenadores.
- Pizarra dixital.
- CDs e DVDs.
- Procesadores de texto.
- Páxinas web.
- Blog do colexio.

❖ **Recursos ambientais:**

- Biblioteca de aula e de centro.
- Aula de informática.
- Patio.
- Ximnasio para a área de Educación Física.
- Zona verde con árbores.

❖ **Recursos persoais**

- Profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).
- Visitas de diferentes escritores das obras lidas durante o curso.
- Talleres ou obradoiros a cargo de profesionais externos ao centro.
- Charlas ou coloquios dirixidos aos pais a cargo de distintos poñentes.

Dependendo da área empregaranse distintos materiais e recursos tales como:

-Na área de Educación Artística (Plástica): ceras, lápices de cores, rotuladores, materiais de reciclaxe, cartolinas, papel continuo, texoiras, etc.

-Na área de Educación Artística (Música): audicións, cadernos de pentagramas, diferentes instrumentos musicais, etc.

-Na área de Matemáticas: Instrumentos para a pizarra (regla, compás, transportador, escuadra e cartabón); corpos xeométricos (conos, prismas, cilindros, esfera, cubos e pirámides); cintas métricas; reloxo; básculas; moedas e billetes; ábaco, regletas, etc.

-Na área de Lingua Extranxeira (Inglés): CDs con audicións en lingua inglesa, pizarra dixital con diversos recursos interactivos, flashcards, cancións en inglés, role-plays, etc.

-Na área de Educación Física: Emplearase material convencional (aros; balóns e pelotas de espuma, de minibasket, de minibalonmán, de fútbol, de voleibol, de tenis, bolas de unihockey; conos; cordas; canicas; discos voladores; indiacas; palas de praia; raquetas de ping-pong; volantes; globos; testemuñas banastas; redes portabalóns; sticks e bates de béisbol; bancos suecos, canastas, quitamedos, colchonetas, esterillas, espaldeiras, pelotas xigantes, potro, plintos, barra de equilibrio, porterías e redes, saltómetros, postes de voleibol e bádminton, alturómetro, vallas e porterías de unihockey) e material non convencional (barredoiras, teas, gomas, báscula, radio-cd, cronómetro, botellas de plástico, caixas de cartón, cartóns, latas, neumáticos, xornais, papel de aluminio, tetra-bricks, sacos, chapas, botellas lastradas, palas de madeira, pelotas, palos ,etc).

3.12. ESTRATEXIAS E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO: CONVIVENCIA, PROXECTO LECTOR, PLAN TIC, PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende hai xa uns cursos e tralo desenvolvemento normativo dos proxectos de centro, no CEIP Escultor Acuña planificamos dende a Programación Xeral Anual (PXA) os criterios, as estratexias e as actividades para desenvolver en cada curso os plans de centro determinados pola normativa educativa e outros que xorden das necesidades e inxerencias da nosa comunidade educativa. Expoñemos aquí o traballo a desenvolver nestes plans dende as áreas curriculares para o 4º curso de Primaria

PLANS E PROXECTOS	ESTRATEXIAS/ACTIVIDADES	PROTAGONISTAS
CONVIVENCIA	Traballar mediante grupos colaborativos	Alumnado
	Buscar solucións colectivas a problemas, retos e acertixos de lóxica (contos matemáticos)	Alumnado
	Organizar as actividades de aula para as sesións (autoxestión de aula)	Alumnado
	Elaboración do diario matemático	Alumnado
PROXECTO TAC	Preparar investigacións na rede: viaxes virtuais, mercar produtos, clima, etc.	Alumnado
	Elaborar actividades e presentacións no EDI	Alumnado
	Realizar correccións colectivas co scanner no EDI	Alumnado

	Realizar sesións cooperativas en contornos multimedia	Alumnado
PROXECTO LINGÜÍSTICO	Buscar novas na prensa xeral e de ciencia en galego ou en castelán e realizar traballos bilingües	Alumnado
	Elaborar carteis en galego coas datas anuais máis relevantes en matemáticas ou sobre os proxectos de aula: numeración maia, exipcia...	Alumnado
PROXECTO LECTOR	Analizar a linguaxe e vocabulario propio das áreas curriculares	Alumnado
	Ler e comentar (libroforum) artigos e libros	Alumnado
	Crear contos e problemas matemáticos	Alumnado
	Estudar as vidas dos literatos e científicos	Alumnado

3.13. TEMPORALIZACIÓN

Todos os contidos recollidos nesta programación serán fixados para todo o curso. As unidades didácticas serán secuenciadas ao longo dos tres trimestres que compoñen o curso. A continuación recolleremos as unidades de contido das diferentes áreas:

1º TRIMESTRE

Datas	Matemáticas	Datas	Lengua Castellana	Lingua Galega	Valores	Datas	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais	Plástica/ Proxecto Artístico
1-out / 15-out	T1. El número	1-out / 15-out	L1. Conoces a Ana?	T1. Vivimos en familia.	A identidade e a dignidade das persoas	1-out / 30-out	T3. AS funcións vitais.	T1. O noso planeta e a Lúa.	O corpo Samaín. Outono Nadal
18-out / 5-nov	T2. Suma y resta.	18-out/5 nov.	L2. El domingo	T2. Viva a natureza.					
8-nov / 17-dec.	T3. MultiplicaciónT4. Práctica de la multiplicación.	8-nov / 19-nov	L3. El lunes	T3. Estamos conectados.		2-nov / 17-dec	T4. Crecemos e alimentámonos.	T2. As capas da Terra.	
		22-nov / 10-dec	L4. El resto de la semana	T4. Sinte o Nadal					

2º TRIMESTRE

Datas	Matemáticas	Datas	Lengua Castellana	Lingua Galega	Valores	Datas	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais	Plástica/ Proxecto Artístico
10-xan / 9-feb	T5. División T6. Práctica de la división.	10-xan / 21-xan	L1. El cumpleaños de Ana.	T5. Todos distintos, todos iguais.	A comprensión e o respecto	10-xan / 9-feb	T1. As plantas, son seres vivos.	T3. A paisaxes da Terra.	Os animais Arte Entroido
10-feb / 25-feb	T7. Fracciones.	24-xan / 4-feb	L2. De tiendas.	T6. Obxectos con moitas vidas.					
3-mar / 18-mar	T8. El tiempo	7-feb / 18- feb	L3. La excursión. L4. La granja-escuela.	T7. Ti decides.		10-feb / 18-mar	T2. O mundo dos animais.	T4. A miña vida cos animais.	
		21-feb / 18- mar	L5. Ayudando en casa. L6. La solidaridad.	T8. Estou ao día.					

º TRIMESTRE

Datas	Matemáticas	Lengua Castellana	Lingua Galega	Valores	Datas	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais	Plástica/ Proxecto Artístico
28-mar / 9-abril	T9. Dinero	L1. Un día de inverno.	T9. Sitome ben.	A conciencia e os valores sociais	28-mar / 9-may	T5. A materia, forzas e enerxía.	T5. Non perdades o tempo.	As paisaxes Punto de cruz A primavera
19-abril/ 9-mar	T10. Longitud, masa y capacidad	L2. La primevera. L3. La alimentació n.	T10. Estamos dacordo.					
10-mar / 27-may	T11. Figuras planas	L4. El aceite	T11. Exprésate con arte..		10-may / 14-xuñ	T6 . As máquinas.	T6. Outras épocas e historias.	
30-may / 14-xuñ	T12. Cuerpos geométricos	L5. Las vacaciones.	T12. As cores dos mundo.					

Educación Primaria

3º Curso

Programación didáctica 2021-2022

Parte Específica



1. PERFÍS COMPETENCIAIS DAS ÁREAS DE 3º DE PRIMARIA

Estándares de aprendizaxe avaliábeis que contribúen ao desenvolvemento das 7 competencias clave. Mapa de Competencias e Estándares. Estes estándares serán traballados a través das Programacións de Aula (3º nivel de concreción curricular).

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

CMCCT		CD	CCL		CAA		CSC		CCEC	CSIEE
MTB1.1.1	PLEB3.4	MTB131.1	MTB1.1.1	LGB2.2.1.	MTB1.1.1	PLEB3.6	MTB3.5.1	VSCB3.2.5.	CNB5.2.2.	MTB1.1.2.
MTB1.1.2.	PLEB3.5	CNB1.1.1.	MTB2.1.1	LGB2.3.1.	MTB1.1.2.	PLEB5.6	CNB1.3.1.	VSCB3.3.1.	CSB3.1.1	MTB1.2.1
MTB1.2.1.	PLEB3.6	CNB3.2.2.	MTB2.2.2	LGB2.3.2.	MTB1.2.1	PLEB5.7	CNB2.2.1.	VSCB3.3.2.	CSB4.2.1.	MTB2.4.2.
MTB1.3.1	PLEB4.1	CNB5.2.2.	MTB3.3.2.	LGB2.4.1.	MTB1.3.1	VSCB1.4.3.	CNB2.3.2.	VSCB3.4.1.	CSB4.2.2.	MTB3.6.2.
MTB2.1.1	PLEB4.2	CSB1.1.1.	MTB4.5.1.	LGB2.4.2.	MTB2.2.2	VSCB2.1.3	CNB4.1.1.	VSCB3.4.2.	CSB4.3.1.	MTB4.6.2.
MTB2.1.2	PLEB4.3	CSB2.1.1.	MTB4.5.2.	LGB2.5.1.	MTB2.2.3	VSCB2.2.2.	CNB4.1.2.	VSCB3.4.3.	CSB4.4.1.	CNB1.1.1.
MTB2.2.1.	PLEB4.4	CSB2.8.1.	CNB1.1.1.	LGB2.5.2.	MTB2.3.2.	VSCB2.5.1.	CNB5.1.2.	VSCB3.5.1.	LCB1.7.1.	CNB1.1.2.
MTB2.2.2	PLEB4.5	LCB1.3.1.	CNB3.1.2.	LGB2.6.1.	MTB2.3.4.	VSCB3.2.1.	CNB5.2.1.	VSCB3.6.1.	LCB1.7.2.	CNB1.2.1.
MTB2.2.3	PLEB4.6	LCB1.6.1.	CNB3.2.2.	LGB2.6.2.	MTB2.4.1.	VSCB3.2.2.	CSB1.2.1.	VSCB3.6.2.	LCB5.1.1.	CNB1.3.1.
MTB2.3.1	PLEB4.7	LCB1.6.3.	CNB4.2.1.	LGB2.6.3.	MTB2.4.2.	VSCB3.2.3.	CSB1.2.1.	VSCB3.7.1.	LCB5.2.1.	CNB2.3.2.
MTB2.3.2.	PLEB4.8	LCB2.5.1.	CNB5.1.2.	LGB2.7.1.	MTB3.1.2.	VSCB3.2.5.	CSB2.15.1.	VSCB3.7.2.	LCB5.3.1.	CNB3.1.1.
MTB2.3.3.	PLEB5.1	LCB2.8.1.	CNB5.2.1.	LGB2.7.2.	MTB3.3.2.	EFB1.1.1.	CSB2.15.2.	VSCB3.7.3.	LCB5.4.1.	CNB3.1.2.
MTB2.3.4.	PLEB5.2	LCB3.1.1.	CSB1.1.1.	LGB2.7.3.	MTB3.3.3.	EFB1.1.2.	CSB2.15.3.	EFB1.1.1.	LCB5.5.1.	CNB3.2.2.
MTB2.3.5.	PLEB5.3	LCB3.4.2.	CSB1.2.1.	LGB2.8.1.	MTB3.5.1	EFB1.1.3.	CSB3.1.1	EFB1.1.2.	LCB5.6.1.	CSB1.1.2
MTB2.4.1.	PLEB5.4	LCB3.6.1.	CSB2.2.1.	LGB2.9.1.	MTB3.6.1.	EFB1.1.4.	CSB3.3.1	EFB1.1.3.	LCB7.1.	.CSB2.9.1.
MTB2.4.2.	PLEB5.5	LCB4.4.1.	CSB2.2.2.	LGB2.10.1.	MTB3.6.2.	EFB1.2.1.	CSB3.5.1	EFB1.1.4.	LGB1.5.2.	LCB1.3.1.
MTB3.1.1.	PLEB5.6	LGB1.2.1.	CSB2.2.3.	LGB3.1.1.	MTB4.2.1.	EFB1.2.2.	CSB4.2.2.	EFB1.2.3.	LGB1.5.3.	LCB1.5.4.
MTB3.1.2.	PLEB5.7	LGB1.2.2.	CSB2.3.1.	LGB3.1.2.	MTB4.4.1.	EFB1.3.1.	CSB4.2.3.	EFB1.3.1.	LGB1.5.4.	LCB1.8.1.
MTB3.2.1.	PLEB5.8	LGB1.7.1.	CSB2.3.2.	LGB3.1.3.	MTB4.5.1.	EFB1.3.2.	CSB4.3.1.	EFB1.3.2.	LGB1.5.5.	LCB1.8.2.
MTB3.2.2.	PLEB5.10	LGB2.1.1.	CSB2.4.1.	LGB3.1.4.	MTB4.5.2.	EFB1.3.4.	CSB4.4.1.	EFB1.3.3.	LGB1.5.6.	LCB1.9.1.
MTB3.3.1.	PLEB5.11	LGB2.5.1.	CSB2.7.1.	LGB3.2.1.	MTB4.6.1.	EFB1.3.5.	LCB1.1.1.	EFB1.3.4.	LGB1.6.3.	LCB3.3.1.
MTB3.3.3.	VSCB3.7.3.	LGB2.5.2.	CSB2.11.2.	LGB3.2.2.	MTB4.6.2.	EFB2.1.1.	LCB1.1.2.	EFB1.3.5.	LGB1.9.1.	LCB3.3.2.
MTB3.4.1.	EFB2.2.3.	LGB3.2.1.	CSB2.13.1.	LGB3.2.3.	MTB5.1.1.	EFB2.2.1.	LCB1.3.1.	EFB2.1.1.	LGB1.11.1.	LCB3.4.2.
MTB3.5.1.	EFB4.2.1.	LGB3.5.1.	CSB2.15.1.	LGB3.2.4.	MTB5.1.2.	EFB2.2.2.	LCB1.6.2.	EFB2.2.1.	LGB1.12.1.	LCB3.7.1.
MTB3.5.2.	EFB4.2.2.	LGB3.6.1.	CSB2.15.2.	LGB3.2.5.	MTB5.1.3.	EFB2.2.3.	LCB1.6.3.	EFB2.2.2.	LGB1.12.2.	LCB5.4.1.
MTB3.6.1	EFB5.1.2.	LGB3.6.2.	CSB2.15.3.	LGB3.3.1.	CNB1.1.1.	EFB2.2.4.	LCB1.9.1.	EFB2.2.3.	LGB2.7.3.	LGB1.2.2.
MTB3.6.2.	EFB5.1.4.	LGB3.7.1.	CSB3.3.1	LGB3.4.1.	CNB1.1.2.	EFB2.2.5.	LCB2.6.1.	EFB2.2.4.	LGB2.9.1.	LGB1.3.1.
MTB4.1.1.	EFB5.2.2.	LGB4.5.1.	CSB3.4.1	LGB3.5.1.	CNB1.2.1.	EFB3.1.1.	LCB2.7.1.	EFB2.2.5.	LGB3.1.4.	LGB1.3.3.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

MTB4.2.1.		LGB5.2.1.	CSB4.2.3.	LGB3.6.1.	CNB1.3.1.	EFB3.1.2.	LCB2.7.2.	EFB3.1.1.	LGB3.2.2.	LGB1.3.4.
MTB4.3.1.		LGB5.2.2.	LCB1.1.1	LGB3.6.2.	CNB3.1.3.	EFB3.1.3.	LCB2.8.1.	EFB3.1.2.	LGB3.2.4.	LGB1.7.1.
MTB4.4.1.		VSCB3.7.3.	LCB1.1.2.	LGB3.7.1.	CSB1.1.1.	EFB3.1.4.	LCB3.2.1.	EFB3.1.3.	LGB3.4.1.	LGB1.8.1.
MTB4.5.1.		EFB1.1.1.	LCB1.2.1	LGB3.7.2.	CSB1.1.2.	EFB3.1.5.	LCB3.5.1.	EFB3.1.4.	LGB4.2.1.	LGB1.9.1.
MTB4.5.2.		EFB1.2.1.	LCB1.2.2.	LGB4.1.1.	CSB1.2.1.	EFB3.1.6.	LCB4.5.1.	EFB3.1.5.	LGB4.3.3.	LGB2.1.3.
MTB4.6.1.		EFB1.2.2.	LCB1.3.1.	LGB4.1.2.	CSB2.3.2.	EFB4.1.1.	LCB5.5.1.	EFB3.1.6.	LGB4.7.1.	LGB2.1.4.
MTB4.6.2.		EFB1.2.3.	LCB1.4.1.	LGB4.1.3.	CSB2.5.1.	EFB4.1.2.	LCB5.6.1.	EFB4.1.1.	LGB4.8.1.	LGB2.1.6.
MTB5.1.1.			LCB1.4.2.	LGB4.1.4.	CSB2.6.1.	EFB4.1.3.	LCB7.1.	EFB4.1.2.	LGB5.1.1.	LGB2.2.1.
MTB5.1.2.			LCB1.5.1.	LGB4.1.5.	CSB2.8.1.	EFB4.1.4.	LGB1.1.3.	EFB4.1.3.	LGB5.1.2.	LGB2.4.1.
MTB5.1.3.			LCB1.5.3.	LGB4.2.1.	CSB2.9.1.	EFB4.2.1.	LGB1.2.1.	EFB4.1.4.	LGB5.2.1.	LGB2.4.2.
CNB1.1.1.			LCB1.5.4.	LGB4.2.2.	CSB2.10.1.	EFB4.2.2.	LGB1.3.1.	EFB4.2.1.	LGB5.2.2.	LGB2.5.2.
CNB1.1.2.			LCB1.6.1.	LGB4.3.1.	CSB2.12.1.	EFB5.1.1.	LGB1.4.1.	EFB4.2.2.	LGB5.3.1.	LGB3.1.1.
CNB1.2.1.			LCB1.6.2.	LGB4.3.2.	CSB2.14.1.	EFB5.1.2.	LGB1.4.2.	EFB5.1.2.	LGB5.4.1.	LGB3.1.2.
CNB1.3.1.			LCB1.6.3.	LGB4.3.3.	CSB4.1.2.	EFB5.1.3.	LGB1.5.1.	EFB5.1.3.	LGB5.6.1.	LGB3.3.1.
CNB2.1.1.			LCB1.7.1.	LGB4.4.1.	LCB1.1.1.	EFB5.1.4.	LGB1.5.2.	EFB5.1.4.	LGB5.7.1.	LGB3.4.1.
CNB2.1.2.			LCB1.7.2.	LGB4.5.1.	LCB1.1.2.	EFB5.1.5.	LGB1.5.3.	EFB5.1.5.	PLEB3.5	LGB3.5.1.
CNB2.2.1.			LCB1.8.1.	LGB4.6.1.	LCB1.3.1.	EFB5.2.1.	LGB1.5.4.	EFB5.2.1.	PLEB4.8	LGB3.6.1.
CNB2.2.2.			LCB1.8.2.	LGB4.6.2.	LCB1.4.2.	EFB5.2.2.	LGB1.5.5.	EFB5.2.2.	EFB1.3.1.	LGB3.6.2.
CNB2.3.1.			LCB1.9.1.	LGB4.7.1.	LCB1.5.1.	EFB5.2.3.	LGB1.5.6.	EFB5.2.3.	EFB3.1.1.	VSCB1.1.1.
CNB2.3.2.			LCB2.1.1.	LGB4.8.1.	LCB1.5.4.	EFB5.3.1.	LGB1.7.1.	EFB5.3.1.	EFB3.1.2.	VSCB1.2.1.
CNB3.1.1.			LCB2.1.2.	LGB5.1.1.	LCB1.6.1.	EFB6.1.1.	LGB1.10.1.	EFB6.1.1.	EFB3.1.3.	VSCB1.3.1.
CNB3.1.2.			LCB2.2.1.	LGB5.1.2.	LCB1.6.3.	EFB6.1.2.	LGB1.10.2.	EFB6.1.2.	EFB3.1.4.	VSCB1.3.2.
CNB3.1.3.			LCB2.2.2.	LGB5.2.1.	LCB1.7.1.	EFB6.2.1.	LGB1.12.2.	EFB6.2.1.	EFB4.1.1.	VSCB1.3.3.
CNB3.2.1.			LCB2.2.3.	LGB5.2.2.	LCB1.7.2.	EFB6.2.2.	LGB2.1.1.	EFB6.2.2.	EFB4.1.2.	VSCB1.4.1.
CNB3.2.2.			LCB2.3.1.	LGB5.3.1.	LCB1.8.1.	EFB6.2.3.	LGB2.2.1.	EFB6.2.3.	EFB4.1.3.	VSCB1.4.2.
CNB4.1.1.			LCB2.3.2.	LGB5.4.1.	LCB1.8.2.	EFB6.3.1.	LGB3.6.3.	EFB6.3.1.	EFB4.1.4.	VSCB1.4.3.
CNB4.1.2.			LCB2.3.3.	LGB5.5.1.	LCB1.9.1.	EFB6.3.2.	LGB2.7.1.	EFB6.3.2.	EFB6.2.1.	VSCB1.5.1.
CNB4.2.1.			LCB2.3.4.	LGB5.6.1.	LCB2.2.1.	EFB6.4.1.	LGB2.7.2.	EFB6.4.1.	EFB6.2.2.	VSCB1.6.1.
CNB4.2.2.			LCB2.3.5.	LGB5.7.1.	LCB2.2.2.	EFB6.4.2.	LGB2.7.3.	EFB6.4.2.		VSCB1.7.1.
CNB4.3.1.			LCB2.4.1.	VSCB1.1.2.	LCB2.2.3.		LGB2.8.1.			VSCB1.7.2.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO CEIP ESCULTOR ACUÑA

CNB4.3.2.			LCB2.4.2.	VSCB1.2.1.	LCB2.3.1.		LGB2.9.1			VSCB2.1.1.
CNB5.1.1.			LCB2.4.3.	VSCB1.3.3.	LCB2.3.2.		LGB3.1..			VSCB2.1.3.
